
Data: 28/09/2025

Hora: 01:05

Asunto: DECISION Nº 15 – V99

Doc. nº 57

De: Comisarios Deportivos

Para: Director de Carreira
Xefe de Cronometraxe
Todosos interesados

Os Comisarios Deportivos, tras recibir unha reclamación do vehículo numero 100, respecto do incumprimento do artigo 12 do Regulamento Xeral de Rallyes 2025 por parte do vehículo numero 99, decidiron citar e escoitar as alegacións do vehículo reclamado.

Unha vez recabadas as declaracións, e revisado o seguemento de GPS solicitado ao respecto, estudiaaron o asunto e determinaron o seguinte:

Piloto y vehículo nº: 99 Martin Varela Rapela / Laura Díaz Álvarez.

Concursante: Pontevedra 1984 Team

Razoamento: Unha vez escoitado ó equipo de Pontevedra 1984 Team recoñecendo os feitos, e revisado o informe do GPS, confirmase a declaración do denunciante, que o vehículo num 99 abandonou o percorrido nun treito de enlace, non seguindo as indicacións do Rood Book. Durante o desvío da ruta, o vehículo 99 non se detivo en ningún momento, dirixíndose directamente ao seguinte control horario, polo que non puido recibir axuda externa nin efectuar ningún tipo de operación no vehículo. Asimesmo non se veu beneficiado por un posible aforro de tempo no enlace, xa que como se reflexa no informe de GPS non iba penalizado e chegou en tempo e forma ao seguinte control sen incidentes.

Ao amparo do Anexo 2 – Penalizacións, no seu punto 12 que establece unha penalización mínima de 120 segundos ata a descalificación, este CCDD entende que non se pode aplicar a sanción máis severa (descalificación) ao non darse condicionantes que así o aconsellen, polo que ase corda unha sanción de tempo a aplicar ao tempo total do vehículo numero 99.

Decisión:

1-Aplicar unha penalización de **180 segundos** no tempo total do vehículo número 99.

2-Deciden asimesmo conminar ao reclamante a poñerse en contacto coa Federación Galega de Automobilismo a fin de solicitar a devolución da caución depositada ao ser atendida e estimada a súa reclamación.



Según o art. 12.3.3 C.D.I., esta decisión é inmediatamente executiva incluso en caso de apelación.

Recordase ós concursantes que teñen dereito a apelar certas decisións dos Comisarios Deportivos segundo o artigo 15 do C.D.I dentro dos prazos de aplicación.

D Román Lamas Fernández

Presidente CC.DD

D. José Ramón González Villar

Comisario Deportivo

D. Yago González Rodríguez

Comisario Deportivo